

PREGUNTA DE AER SOBRE BAÑOS PARA O FESTIVAL ARRASTRO ROCK

PLENO 4 OUTUBRO 2012. ACTA 16/2012

O pasado ano o festival “Arrastro rock” dispuxo por xentileza da Concellería de Cultura de dous servizos públicos para os asistentes, e os maios cobraron as subvencións que lles correspondían a tempo. Consideramos que o Concello debe axudar á xente de Redondela que organiza estes eventos como o Arrastro Roch, xente que o fai sen ánimo de lucro e incluso perdendo cartos. Que menos que axudar instalando uns baños públicos para garantir a hixiene.

Tendo en conta que este ano os orzamentos do Concello foron feitos por vostedes, éntranos a dúbida:

Cal é o motivo de que isto mesmo non ocorrera neste ano?.

Resposta o concelleiro Pazos Couñago e pide disculpas polo retraso no pago dos maios. Considera que é complicada a ubicación do festival e complica tamén a dotación dos baños..., etc. intentan garantir unhas mínimas condicións de salubridade.